

ACTA NÚM. 9 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE XUÑO DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:38 horas** do día **21 de xuño de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona María José Castro Carballal.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións extraordinaria e ordinaria dos días 15 e 24 de maio de 2018.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á recuperación ambiental do río Sar.**
- 4. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a modificación das axudas individuais para o uso do taxi como alternativa para as persoas con dificultades de acceso ao transporte público colectivo.**
- 5. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a urxente devolución á veciñanza das cantidades indebidamente recadadas polas plusvalías na venda a perdas de terreos urbanos.**
- 6. Proposición do grupo municipal do BNG, para instar ao goberno español ao cumprimento de acordos e revisión de proxectos pendentes con Santiago de Compostela.**
- 7. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**
- 8. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Rogos:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 6 de xuño de 2018, núm. 159.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 7 de xuño de 2018, núm. 163.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de xuño de 2018, núm. 171.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de xuño de 2018, núm. 172.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de xuño de 2018, núm. 173.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de xuño de 2018, núm. 176.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de xuño de 2018, núm. 178.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de xuño de 2018, núm. 179.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 6 de xuño de 2018, núm. 160.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 6 de xuño de 2018, núm. 161.
Do grupo municipal do BNG de data 13 de xuño de 2018, núm. 169.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de xuño de 2018, núm. 174.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de xuño de 2018, núm. 175.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 31 de maio de 2018, núm. 156.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 31 de maio de 2018, núm. 157.

9. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 4 de xuño de 2018, núm. 158, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a recuperación e posta en valor da área de estacionamento no contorno do estadio de San Lázaro.

Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2018, núm. 164, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para impulsar o aeroporto de Lavacolla.

Rexistro de entrada do día 12 de xuño de 2018, núm. 168, presentada polo grupo municipal do BNG, para realizar diversas actuacións destinadas a mellorar a calidade de vida nas Fontiñas.

Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2018, núm. 170, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en relación coas masacres que sofre o pobo palestino na Franxa de Gaza.

Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2018, núm. 177, presentada polo grupo municipal do BNG, para reiterar a petición veciñal de cambiar o emprazamento da antena de telefonía do Restollal.

Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2018, núm. 180, presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, sobre atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza no Concello de Santiago de Compostela.

Antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día, en primeiro lugar gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia machista.

A continuación, teñen lugar as seguintes intervencións na sesión plenaria:

Don GhalebJaberIbrahim, en representación do colectivo palestino en Galicia, en relación coa moción de Compostela Aberta sobre as masacres que sofre o pobo palestino na Franxa de Gaza.

Dona María Cana Villar, en representación da Asociación Querendo Mulleres con Endometriose, en relación coa moción conxunta presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, en apoio á Asociación sobre a atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza no Concello de Santiago de Compostela.

Don José Ramón Sánchez Rodríguez, en representación da veciñanza do Restollal, en relación coa moción presentada polo BNG, para reiterar a petición veciñal de cambiar o emprazamento da antena de telefonía no Restollal.

Dona Enriqueta Lois Salgado, en representación da agrupación local de Amnistía Internacional, en relación coa moción de urxencia presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, en apoio á liberación e retirada de cargos ao presidente de Amnistía Internacional en Turquía e 11 persoas defensoras dos dereitos humanos.

A continuación comezan a tratarse os asuntos que figuran na orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIA E ORDINARIA DOS DÍAS 15 E 24 DE MAIO DE 2018.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes,aproba as actas correspondentes ás sesións extraordinaria do día 15 e ordinaria do día 24, ambas de maio do corrente ano.

Seguidamente, ten lugar a votación para declarar a urxencia da moción rexistrada co núm. 181, presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, en apoio á liberalización e retirada de cargos do Presidente de Amnistía Internacional en Turquía e once persoas defensoras dos dereitos humanos, e o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, declara a urxencia da mesma.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

3. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á RECUPERACIÓN AMBIENTAL DO RÍO SAR.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 7 de xuño do corrente ano, e número de rexistro 162, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para o seu debate no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Río Sar, un cauce de referencia en estado de forte degradación.

A veciñanza de Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro ou Pontecesures sabemos ben cal é o estado ecolóxico das augas do río Sar, pola súa contaminación ben visible, o seu aspecto e o seu cheiro. O Plan Hidrolóxico Galicia Costa vixente (PHGC2015-21) confirma o que tódolos veciños e veciñas da conca sabemos e califica o estado das augas do Sar como “peor que bo”, como resultado dun “estado ecolóxico deficiente” por incumprimento en boa parte dos parámetros de referencia como macro invertebrados, DBO5, fósforo total, fosfatos, amonio, e por superar os límites en determinadas sustancias preferentes (Cobre, Benzo, Pireno, Perileno, Indeno).

A presión das augas residuais está identificada como a principal causa da contaminación e degradación do Sar, polo que as primeiras medidas para unha recuperación do seu bo estado ecolóxico e químico pasan necesariamente por resolver as deficiencias nos sistemas de depuración. A Directiva Marco da Auga e demais normativa en materia de augas establece os obxectivos medioambientais, instrumentos e prazos para recuperar un estado aceptable dos sistemas acuáticos, e polo tanto para a recuperación do Río Sar.

A planificación hidrolóxica concreta obxectivos e medidas para dar cumprimento á Directiva Marco da Auga. O Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2009-2015 xa marcaba como obxectivo lograr un bo estado ecolóxico das augas do Río Sar para 2015 e establecía as medidas necesarias para conseguilo: unha nova EDAR en Santiago e ampliación da EDAR de Bertamiráns. Estas medidas non se levaron a cabo, polo que o deterioro do Sar foise agravando.

2. Competencias e responsabilidades delimitadas

A Xunta é a administración competente na protección do estado das augas, e como tal correspóndelle “a planificación e a adopción de medidas e instrumentos específicos de xestión e protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres vinculados á auga” (Artigo 4 da Lei 9/2010 de Augas Galicia).

En base a esta competencia exclusiva, o Plan Hidrológico Galicia Costa 2015-21, aprobado por RD 11/2016 e publicado no D.O.G. do 18 de febreiro de 2016, recolle de novo os obxectivos medioambientais para a recuperación do Río Sar; no Programa de Medidas (PdM) do Plan figuran expresamente a EDAR de Santiago (Código ES014.02.0009.01) e a EDAR de Bertamiráns (Código ES014.02.0014.01), as dúas actuacións transferidas dende o período 2009-2015, no que foran incluídas e non executadas.

A EDAR de Santiago é competencia do Estado, en base á súa declaración de interese xeral no Plan Hidrológico Nacional. A elaboración e tramitación do proxecto foi abordada xa no 2007 e incorporada ó Programa Operativo FEDER 2007-2013 para o seu financiamento. Polos retrasos na súa execución e para seguir optando ós fondos comunitarios, a actuación foi re-programada para o período 2014-2020.

Pola súa parte, a EDAR de Bertamiráns entra de cheo nas competencias de Augas de Galicia en base ó Plan de Saneamento e ó Artigo 32 da Lei 9/2010 que “declara de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, cuxo ámbito material comprende a regulación, a planificación, a aprobación definitiva de proxectos, a construción e a xestión, a explotación e o mantemento das estacións depuradoras de augas residuais...” En coherencia coas competencias, Augas de Galicia inicia no ano 2014 os trámites do Proxecto de ampliación da EDAR de Bertamiráns, e en xaneiro de 2015 o órgano competente emite o Informe de Impacto Ambiental.

De acordo coa Lei de Augas de Galicia e o Plan de Saneamento, as competencias dos concellos en materia de depuración queden limitadas ás redes de sumidoiros e tratamento das augas residuais en núcleos illados, de menos de 2000 habitantes equivalentes, sen prexuízo da explotación das EDARs en tanto a xestión non sexa asumida por Augas de Galicia.

3. O Canon da Auga como recurso

A Lei 9/2010 de Augas de Galicia establece o criterio de financiamento das infraestruturas de depuración: “As obras e actuacións declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia financiaranse con cargo aos seus orzamentos sen prexuízo dos convenios que poidan celebrarse con outras AAPP”.

Augas de Galicia conta cun recurso finalista, o Canon da auga. Os ingresos do Canon está afectados sobre todo a: 1) prevención en orixe da contaminación, 2) consecución dos obxectivos medioambientais fixados na planificación hidrolóxica, 3) gastos de investimento das infraestruturas necesarias, 3) apoio económico ás administracións que dentro da Comunidade Autónoma de Galicia exerzan competencias no ámbito do ciclo urbano da auga.

As previsións de ingresos polo Canon da auga para 2018 ascenden a 52 Millóns de euros en Galicia. Unha parte importante desta cantidade é soportada polos veciños e establecementos da industria, comercio e servizos asentados na conca do Río Sar, dos concellos de Santiago, Ames, Brión, Rois, Padrón, Dodro e Pontecesures. A falta de datos mais precisos, estímase que esta aportación se sitúa arredor do 10% do total, o que equivale a uns 5-6 millóns de euros ó ano.

A pesar dos ingresos que recaen sobre os veciños do Sar, os investimentos de Augas de Galicia na recuperación do Río son practicamente nulos.

4. Conclusión

Metidos de cheo no ano 2018, as actuacións clave para a recuperación do Sar non avanza, a degradación do Río agrávase e esgótase o tempo para unha solución acorde cos prazos previstos na lexislación e planificación vixente.

En consecuencia, co convencemento da urxencia de acometer as medidas necesarias para acadar os obxectivos medioambientais de recuperación do río Sar, sometemos a consideración do Pleno do Concello de Santiago de Compostela a seguinte

PROPOSICIÓN:

Instar a Augas de Galicia para que facilite a seguinte información:

- Datos detallados sobre a recadación en concepto de Canon da Auga nos concellos da conca do río Sar, desde o período 2012 ao 2017, detallado por anos, por concellos e por tipo de uso da auga (usos domésticos e asimilados, usos non domésticos e usuarios específicos).
- A relación e o importe dos investimentos efectuados no período 2012-2017 orientados á consecución dos obxectivos medioambientais do río Sar previstos no PHGC 2015-2021.
- Relación dos proxectos, calendario e orzamentos previstos para recuperar o bo estado ecolóxico do río Sar, recollido como obxectivo no Plan Hidrolóxico Galicia Costa.

- En relación coas actuacións previstas no Programa de Medidas do Plan Hidrológico Galicia Costa 2015-2021, solicitar dos organismos competentes o estado actual e calendario de execución dos proxectos de:

- Nova EDAR en Santiago (Goberno central)
- Ampliación da EDAR de Bertamiráns (Augas de Galicia)

Á citada proposición presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular e que non foi aceptada pologrupa propoñente.

Xa que logo rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

Instar a Augas de Galicia para que facilite a seguinte información:

- Datos detallados sobre a recadación en concepto de Canon da Auga nos concellos da conca do río Sar, desde o período 2012 ao 2017, detallado por anos, por concellos e por tipo de uso da auga (usos domésticos e asimilados, usos non domésticos e usuarios específicos).

- A relación e o importe dos investimentos efectuados no período 2012-2017 orientados á consecución dos obxectivos medioambientais do río Sar previstos no PHGC 2015-2021.

- Relación dos proxectos, calendario e orzamentos previstos para recuperar o bo estado ecolóxico do río Sar, recollido como obxectivo no Plan Hidrológico Galicia Costa.

- En relación coas actuacións previstas no Programa de Medidas do Plan Hidrológico Galicia Costa 2015-2021, solicitar dos organismos competentes o estado actual e calendario de execución dos proxectos de:

- Nova EDAR en Santiago (Goberno central).
- Ampliación da EDAR de Bertamiráns (Augas de Galicia).

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A MODIFICACIÓN DAS AXUDAS INDIVIDUAIS PARA O USO DO TAXI

COMO ALTERNATIVA PARA AS PERSOAS CON DIFICULTADES DE ACCESO AO TRANSPORTE PÚBLICO COLECTIVO.

A proposición presentada con data 11 de xuño de 2018, número de rexistro 165, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha moción presentada polo Grupo Municipal Popular no mes de maio de 2017 para a implantación dun bonotaxi para persoas cos discapacidade acadou o apoio unánime da Corporación e, como unha rara excepción entre os acordos plenarios adoptados no actual mandato, supuxo o estímulo necesario para que o Goberno local asumira esta demanda e tramitase o correspondente expediente administrativo.

Desta forma, no mes de setembro publicáronse as bases da convocatoria de axudas individuais para o uso do servizo do taxi como medio alternativo adaptado ás persoas con dificultades de mobilidade ou con graves dificultades para o uso do transporte colectivo. A convocatoria, tal e como denunciámos no seu momento, supuxo un estrepitoso fracaso, posto que -pechado o prazo establecido- unicamente se concederon tres axudas, por un importe de 900 euros, o 6% dos 15.000 euros inicialmente consignados para estas axudas.

Non deixa de sorprenden o resultado da convocatoria se temos en conta que un indicio da cantidade de persoas que teñen limitacións para subirse a un autobús é o número de tarxetas autorizadas que se asinan a diario no departamento municipal de Tráfico para estacionar nas prazas reservadas para vehículos que trasladen a persoas con discapacidade. Estas autorizacións indican a existencia de moitas persoas que teñen recoñecida pola Xunta de Galicia a súa mobilidade reducida.

Vistos os resultados é evidente que unha iniciativa que todos os grupos apoiaron e xulgaron necesaria, e que mesmo os informes municipais valoraban de forma positiva como algo “esencial”, acabou fracasando na práctica á hora de presentar a oferta á cidadanía.

O fracaso daquela convocatoria non só preocupou ao Partido Popular. Houbo persoas e entidades que mostraron a súa estrañeza polo escaso eco destas axudas. Entre elas, a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) que, despois de analizar e reflexionar sobre o resultado da convocatoria do concello compostelán,

propón unha serie de modificacións para mellorar a medida e facela máis atractiva e eficaz para os fins propostos.

Seguindo as consideracións de COGAMI, o Grupo Municipal Popular que xa anunciara a súa intención de impulsar unha revisión daquela convocatoria, considera axeitado trasladar ao Pleno a proposta desta entidade que, fundamentalmente, xira arredor da conveniencia de mudar a forma de materializar esta axuda. En lugar de facer o pagamento a posteriori, logo da xustificación dos gastos realizados, formulase a alternativa de instaurar unha tarxeta prepago (tal e como se ten feito noutros concellos de Galicia e de España) ou cando menos que se incorpore na convocatoria de 2018 a posibilidade de establecer un pagamento anticipado de ata un 100%.

Xunto con este cambio prioritario sobre a forma de pagamento, no caso de manter as liñas básicas da convocatoria realizada en 2017 considéranse necesarias varias modificacións, entre elas as relativas a suprimir a limitación total das axudas a persoas que teñan vehículo propio, a ampliación do prazo establecido para solicitar as axudas a todo o ano cunha vinculación ao esgotamento do crédito, a ampliación tamén dos prazos de xustificación, o incremento dos umbrais de renda, a supresión da antigüidade no empadramento ou a eliminación das posibilidades de exclusión por seren usuarias do 065 ou do subsidio de mobilidade.

En definitiva, o que se trata é de revisar e levar a cabo as modificacións que se consideren necesarias para facer desta liña de axudas á mobilidade unha ferramenta eficaz para corrixir desigualdades, facilitar a autonomía e fomentar a convivencia comunitaria.

En atención a todo o indicado, o Grupo Municipal Popular proponlle ao conxunto da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a que:

- 1.- Coa maior urxencia posible proceda a revisar e introducir as modificacións que se consideren convenientes para mellorar a convocatoria de axudas individuais para o uso do taxi como alternativa para persoas con dificultades de acceso ao transporte público colectivo, contando coa participación daquelas entidades, como COGAMI, representativas do colectivo ao que van dirixidas.
- 2.- Estudar a posibilidade de incorporar unha tarxeta prepagamento ou monedeiro como método para facer efectivas estas axudas.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes, acordainstar ao correspondente órgano do goberno a que:

1.- Coa maior urxencia posible proceda a revisar e introducir as modificacións que se consideren convenientes para mellorar a convocatoria de axudas individuais para o uso do taxi como alternativa para persoas con dificultades de acceso ao transporte público colectivo, contando coa participación daquelas entidades, como COGAMI, representativas do colectivo ao que van dirixidas.

2.- Estudar a posibilidade de incorporar unha tarxeta prepagamento ou monedeiro como método para facer efectivas estas axudas.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A URGENTE DEVOLUCIÓN Á VECIÑANZA DAS CANTIDADES INDEBIDAMENTE RECADADAS POLAS PLUSVALÍAS NA VENDA A PERDAS DE TERREOS URBANOS.

O texto da proposición presentada con data 11 de xuño de 2018, número de rexistro 166, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vanse cumprir nove meses desde a aprobación dun acordo plenario, impulsado polo Grupo Municipal Popular, para adoptar diferentes medidas en relación co cobro indebido de plusvalías procedentes do imposto polo incremento do valor para as vendas realizadas en terreos de natureza urbana. Daquela, en setembro de 2017, solicitábase realizar un estudo sobre a repercusión das cantidades indebidamente recadadas na cidadanía e no orzamento municipal conforme ás sentenzas do Tribunal Constitucional (TC) emitidas, informar á veciñanza ao respecto, articular medidas para facilitar a devolución mediante procedementos áxiles e demandar do Goberno de España a máxima axilidade nas pertinentes modificacións legais e na procura de medidas para compensar aos concellos que teñan que facer fronte ás citadas devolucións.

Transcorridos seis meses daquel acordo, sen noticia ningunha ao respecto, no mes de marzo pasado, este grupo municipal rexistrou unha pregunta para resposta por escrito para coñecer os pasos dados polo Goberno neste tema, de forma especial sobre o estudo da repercusión das cantidades indebidamente recadadas polo Concello á veciñanza, solicitando os cobros indebidos polas plusvalías dos últimos catro anos, o número de

expedientes e as persoas afectadas polo cobro inxusto deste imposto. A resposta ofrecida polo Concello non ofrece os datos que se solicitan, limitándose a informar do que xa todos sabíamos: que había unha proposta para modificar a lei de facendas locais no sentido das sentenzas xa ditadas e os efectos que se poderían derivar desa modificación, para rematar indicando que “no Concello de Santiago aplicamos a sentenza do Tribunal e a doutrina de non liquidar cando se proba a inexistencia do incremento de valor”. Nada se di, pois, do que realmente interesaba, é dicir, dos casos de quen liquidou de forma indebida nos últimos catro anos, nin de ningunha medida adoptada pola administración municipal para avanzar na devolución neses casos.

Segundo a información que puidemos obter a través do Ministerio de Facenda e Función Pública (MINHAFP, 2016) en Galicia hai 108 concellos que aplican este imposto, fundamentalmente, as sete cidades e as cabeceiras de comarca), entre eles Santiago de Compostela. O noso concello é o cuarto -detrás de Vigo, A Coruña e Ourense, e por diante de Lugo- que máis recada aproximándose aos 3 millóns de euros/ano (2.977.985 en 2016). Tendo en conta que a cuantificación do imposto se determina de forma obxectiva en función do valor catastral e dos anos (ata un máximo de 20) nos que o propietario foi titular do terreo, sen ter en conta o valor real ou estimado no momento da venda, o resultado é que -debido á crise inmobiliaria dos últimos anos- un determinado número de vendas se terían feito a perdas, sen que iso puidera supoñer ata o de agora motivo de exención.

Non sabemos o número de persoas afectadas en Santiago -unha das razóns que motivan o noso interese e as nosas iniciativas políticas-, pero si sabemos por un informe da taxadora TINSA, de maio de 2017, que en toda España se estiman en 550.000 as persoas afectadas por este cobro indebido e que en Galicia, desde maio de 2013 (os catro anos antes da prescrición) son 18.300 as persoas que pagaron o imposto a pesar de vender a perdas, das que case a metade (8.100) corresponden á provincia da Coruña, cun importe medio por afectado duns 4.500 euros.

Pero a sentenza do TC non limita os seus efectos no tempo, polo que calquera afectado que probe a existencia dunha venda a perda, pode solicitar a devolución do indebidamente cobrado, sempre que non teña prescrito o seu dereito polo transcurso do prazo de 4 anos desde a autoliquidación. Por iso é moi importante que o Concello analice canto antes o asunto, determine as persoas e as cantidades afectadas, proceda a informar á veciñanza para que as persoas afectadas poidan reclamar e evitar así a perda dos seus dereitos. Porque cada día que pasa increméntase o número de persoas que perden a oportunidade de recuperar un diñeiro que en xustiza lle corresponde.

Esa é razón tamén pola que urximos a habilitación de procedementos áxiles para a devolución e se faciliten os medios para acreditar a xustificación dos valores para evitar a conflitividade e o recurso aos tribunais por parte da veciñanza.

Resulta obvio que a devolución só a pode facer o Concello que recadou, por razóns elemental técnica tributaria, e que o Concello debe garantir a protección dos dereitos dos cidadáns o que esixe que se lle dea unha resposta áxil e simple ás persoas afectadas para que recuperen as cantidades que a administración local recadou indebidamente, tal e como ten ditaminado o Tribunal Constitucional. Só así se defenderán adecuadamente os dereitos das veciñas e dos veciños afectados. Outra cousa é que o Concello teña que ser compensado polo Estado cando fai as devolucións, tendo en conta que é o Estado o responsable dunha lexislación que finalmente se acabou por declarar inconstitucional.

En definitiva, ante a pasividade do Goberno local para afrontar esta cuestión e a transcendencia para a cidadanía e a demora na toma de decisións en relación coa devolución das cantidades inxustamente cobradas á cidadanía, o Grupo Municipal propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a que coa maior urxencia posible proceda a:

- 1.- Informar -por escrito, na páxina web ou mediante a creación dunha oficina específica- ás persoas que se poidan ver afectadas polo cobro indebido de plusvalías dos seus dereitos.
- 2.- Rematar e dar a coñecer publicamente o estudo, acordado en setembro de 2017, sobre a repercusión destes cobros indebidos na cidadanía e na orzamento municipal.
- 3.- Iniciar o procedemento para facer efectiva a devolución dos cobros indebidos a todas as persoas que autoliquidaron o imposto naqueles casos probados de vendas a perdas.
- 4.- Dirixirse ao novo Goberno de España para demandarlle a máxima axilidade na modificación do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co cobro indebido do imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana ditaminado por sentenzas do TC, e que se articulen as medidas necesarias para compensar aos concellos que fagan fronte á devolución das cantidades recadadas por este concepto.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (8 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda:

1.- Informar por escrito, na páxina web ou mediante a creación dunha oficina específica ás persoas que se poidan ver afectadas polo cobro indebido de plusvalías dos seus dereitos.

2.- Rematar e dar a coñecer publicamente o estudo, acordado en setembro de 2017, sobre a repercusión destes cobros indebidos na cidadanía e na orzamento municipal.

3.- Iniciar o procedemento para facer efectiva a devolución dos cobros indebidos a todas as persoas que autoliquidaron o imposto naqueles casos probados de vendas a perdas.

4.- Dirixirse ao novo Goberno de España para demandarlle a máxima axilidade na modificación do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co cobro indebido do imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana ditaminado por sentenzas do TC, e que se articulen as medidas necesarias para compensar aos concellos que fagan fronte á devolución das cantidades recadadas por este concepto.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA INSTAR AO GOBERNO ESPAÑOL AO CUMPRIMENTO DE ACORDOS E REVISIÓN DE PROXECTOS PENDENTES CON SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Con data 12 de xuño de 2018, número de rexistro 167, o grupo municipal do BNG presentou a seguinte proposición:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa a trasladarlle ao Goberno español a listaxe de acordos pendentes de executar e de proxectos ligados ao desenvolvemento de infraestruturas en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao abeiro do cambio producido no Goberno español por mor da recente moción de censura contra o presidente Mariano Raxoi, cómpre lembrar e unir esforzos para colocar na axenda política local e estatal diversas actuacións comprometidas mais pendentes de execución, xunto coa revisión de determinados proxectos para contribuír ao desenvolvemento socioeconómico, ambiental e de infraestruturas ligadas a Santiago de Compostela.

Deste xeito, faise necesario trasladarlle ao Goberno entrante a listaxe de obras comprometidas como a execución do enlace orbital completo; a construción da estación de mercadorías da Sionlla; un plan de usos para a vella terminal de Lavacolla; o cambio de nome, rotulación e sinalización do aeroporto Rosalía de Castro; o proxecto de

humanización da rotonda de Conxo; a clarificación dos trámites ambientais para construír a estación depuradora de augas residuais; as obras de seguranza viaria no Eixo e na Sionlla; a cesión de terreos do campo de tiro de Bando e a revisión do financiamento plurianual da estación intermodal, ademais da eliminación da cláusula dos 3,5 millóns de persoas pasaxeiras do convenio que condiciona a obra, entre outros.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación municipal insta o Goberno español entrante ao cumprimento destes acordos comprometidos con Santiago de Compostela en materia de infraestruturas, ademais da revisión daqueles necesarios para o desenvolvemento socioeconómico e ambiental que supoñen un agravio comparativo con outras cidades galegas.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda instar ao goberno español entrante ao cumprimento dos acordos comprometidos con Santiago de Compostela en materia de infraestruturas, ademais da revisión daqueles necesarios para o desenvolvemento socioeconómico e ambiental que supoñan un agravio comparativo con outras cidades galegas.

7. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 30 de abril ao 1 de xuño de 2018 (núms. 3027 - 3970).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta nº 31/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 20 de abril de 2018.
Acta nº 32/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2018.
Acta nº 33/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de maio de 2018.
Acta nº 34/2018, correspondente a sesión extraordinaria urxente celebrada o día 8 de maio de 2018.
Acta nº 35/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 11 de maio de 2018.
Acta nº 36/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 11 de maio de 2018.
Acta nº 37/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 16 de maio de 2018.
Acta nº 38/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 16 de maio de 2018.
Acta nº 39/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 18 de maio de 2018.

Acta nº 40/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 21 de maio de 2018.

Acta nº 41/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 25 de maio de 2018.

Acta nº 42/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 31 de maio de 2018.

8. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 6 de xuño de 2018, núm. 159.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 7 de xuño de 2018, núm. 163.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de xuño de 2018, núm. 171.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de xuño de 2018, núm. 172.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de xuño de 2018, núm. 173.

Do grupo municipal do BNG de data 13 de xuño de 2018, núm. 176.

Do grupo municipal do BNG de data 13 de xuño de 2018, núm. 178.

Do grupo municipal do BNG de data 13 de xuño de 2018, núm. 179.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 6 de xuño de 2018, núm. 160.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 6 de xuño de 2018, núm. 161.

Do grupo municipal do BNG de data 13 de xuño de 2018, núm. 169.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de xuño de 2018, núm. 174.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 13 de xuño de 2018, núm. 175.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 31 de maio de 2018, núm. 156.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 31 de maio de 2018, núm. 157.

Unha vez rematado o debate dos rogos e preguntas faise un receso cando son 19:15 e reanúdase a sesión ás 19:35 horas, incorporándose a totalidade dos concelleiros, agás dona María Teresa Cancelo Márquez que xa non se reincorpora á sesión, e Don Jorge Carlos Duarte Vázquez, que se reincorpora no transcurso do debate das mocións.

9. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 4 de xuño de 2018, núm. 158, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a recuperación e posta en valor da área de estacionamento no contorno do estadio de San Lázaro.

Rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2018, núm. 164, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para impulsar o aeroporto de Lavacolla.

Rexistro de entrada do día 12 de xuño de 2018, núm. 168, presentada polo grupo municipal do BNG, para realizar diversas actuacións destinadas a mellorar a calidade de vida nas Fontiñas.

Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2018, núm. 170, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en relación coas masacres que sofre o pobo palestino na Franxa de Gaza.

Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2018, núm. 177, presentada polo grupo municipal do BNG, para reiterar a petición veciñal de cambiar o emprazamento da antena de telefonía do Restollal.

Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2018, núm. 180, presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, sobre atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza no Concello de Santiago de Compostela.

Os textos das proposicións presentadas son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN SOBRE A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA ÁREA DE ESTACIONAMENTO NO CONTORNO DO ESTADIO SAN LÁZARO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas proximidades do Estadio San Lázaro, en dirección ao Parque de Carlomagno e o polígono das Fontiñas, existe unha ampla superficie de forma trapezoidal dunhas 2,8 hectáreas que, desde a posta en servizo da instalación deportiva en 1993, foi destinada a aparcamento público. Está composta por unha vía dobre principal que fai a función de circunvalación e cinco vía dobres intermedias, todas elas a distinto nivel, nas que se teñen delimitado en conxunto unhas 1.500 prazas para aparcamento de vehículos en batería.

Durante os últimos anos, a zona rexistrou unha progresiva deterioración, non moi perceptible no seu firme pero si no seu conxunto -tal e como se pode apreciar no arquivo fotográfico que se acompaña como anexo-, ata o punto de que nos últimos tempos o seu estado resulta xa alarmante. Así, xunto á evidente falta de limpeza habitual engádense numerosas deficiencias no equipamento. A sensación de abandono é tal que en distintas ocasións a zona se emprega como depósito para vertidos incontrolados de todo tipo de residuos. Hai escasos días podíanse ver: pneumáticos, cristais, tubos, colchóns, pezas de sanitario, dous electrodomésticos...

Os estragos nos equipamentos afectan a infinidade de aspectos, desde as baldosas das beirarrúas levantadas e esnaquizadas ata as placas dos muros de contención desprazadas pola presión das raíces das árbores que ameazan con derrubalas. A maiores faltan tramos das varandas de protección, todas elas afectadas pola ferruxe, hai derrube nos remates dos muros e dun tramo de muro de contención duns tres metros no final dunha das vías e, en varias zonas, gran acumulación de terra e lixo que impiden a circulación e invalidan algunhas prazas sinalizadas.

Na zona é frecuente atopar vehículos de gran tonelaxe, aparcados durante longos períodos de tempo e sen moito miramento e, a pesar diso, numerosas persoas empregan as rúas para o deporte e o paseo.

A situación da zona aconsella adoptar medidas canto antes para mellorar a frecuencia na súa limpeza, evitar que continúe a súa degradación e recuperar a súa funcionalidade, poñendo en valor este amplo espazo que, ademais do seu uso vinculado aos vehículos, podería ter outras utilidades.

Evidentemente, as necesidades de aparcamento nesta zona non son as mesmas que as percibidas cando se puxo en servizo hai 25 anos, vinculada ao estadio de fútbol e poucos meses antes da chegada da S.D. Compostela á división de honra do fútbol español, pero a súa existencia e a súa rehabilitación ofrece amplas posibilidades actuais e, sobre todo, de futuro. A principal, consideramos que se vincularía co seu uso como aparcadoiro disuasorio, dada a súa situación nas aforas da cidade, próxima e ben comunicada co periférico (a vía SC-20) e a autoestrada do Atlántico. Achegaría, como indicamos, unha oferta de 1.500 prazas, un número que case duplica as ofrecidas na actualidade entre os aparcamento disuasorios de Salgueiriños, Santa Marta, Pontepedriña e a veciña superficie situada entre o Camiño Francés e o Palacio de Congresos.

Unha superficie así, ben habilitada e disposta, sería de gran utilidade de cara ao Ano Santo de 2021 e podería ser tida en conta, ademais, para contribuír á celebración de distintos actos, máxime tendo en conta as posibilidades do propio estadio e dos seus arredores.

A proposta de reactivar esta zona para aparcamento disuasorio podería contar, ademais, coa colaboración financeira da Deputación ou da Xunta de Galicia, tendo en conta que a Administración autonómica ten entre os seus obxectivos a promoción da creación ou habilitación deste tipo de superficies no contorno das grandes cidades, como o constata a redacción hai varios anos dun plan sectorial específico con esta finalidade.

A vista de todo o anterior, propoñemos á consideración do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a que:

- 1.- Proceda a incrementar a frecuencia dos labores de limpeza na área de estacionamento situada entre o estadio de San Lázaro e o Parque Carlomagno.
- 2.- Planifique e execute, polos propios medios ou coa colaboración doutras institucións, unha actuación integral de rehabilitación desa área para poñela en valor, contemplando a posibilidade de dotala dos servizos necesarios para convertela nun novo aparcamento disuasorio para a cidade.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN SOBRE O AEROPORTO DE LAVACOLLA

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galicia quedaba oficialmente constituído o 6 de marzo de 2014 co obxectivo por parte do Ministerio de Fomento de impulsar as terminais de Galicia. Este Comité de Rutas, constituído por un representante do Ministerio de Fomento (que exerce a presidencia), dous representantes da Comunidade Autónoma, tres representantes de Aena, tres representantes das corporacións locais, un representante do Consello das Cámaras de Galicia e un representante de organización económica e social, trazou no seu inicio unha serie de liñas estratéxicas para fomentar precisamente o desenvolvemento de rutas nos tres aeroportos e incrementar a actividade no sector de transporte de carga aérea.

No caso de Lavacolla, segundo o documento presentado nesa primeira reunión por Fomento, será o aeroporto de entrada do mercado internacional en Galicia, aglutinando pois as rutas internacionais e de carácter turístico ao tratarse dunha marca moi potente asociada ao Camiño de Santiago. E, con este obxectivo, propoñíanse ata 22 novas rutas internacionais.

Dende esa primeira reunión, en marzo de 2014, pouco se ten avanzado, e esta afirmación quedou constadada, de novo, no último encontro celebrado o 31 de maio deste ano. O chamado Comité de Rutas leva catro anos dando bandazos e o certo é que Lavacolla segue case na mesma situación que antes desa data e, mentres o aeroporto de

Sá Carneiro (Oporto) segue batendo marcas cada ano en número de viaxeiros, acadando cifras que superan aos tres aeroportos galegos xuntos.

En primeiro lugar, desas 22 rutas propostas en 2014, unicamente se teñen incorporado as directas a Ámsterdam, Bruselas, Roma, Berlín, Dusseldorf e Munich, quedando aínda pendentes dese plan estratéxico Bos Aires, Caracas, Estocolmo, Marsella, Manchester, Montevideo, Nantes, ou Nova Iork. E iso por non falar da necesidade de mellorar as viaxes a Madrid (T4) e Barcelona, que facilitarían -como aconteceu no caso de Alvedro, na Coruña- as conexións con moitos destinos internacionais.

Por outra banda, este grupo municipal leva anos denunciando a falta dun enlace axeitado con Lavacolla dende as outras cidades de Galicia (A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo), o que semelle incomprensible para a que é capital da comunidade e cuns grandes valores turísticos e culturais. Esta ausencia de lanzadeiras impón graves limitacións ás nosas empresas turísticas e complica á cidadanía que, por lecer ou traballo, utiliza cada vez con máis frecuencia o avión. Mentres Santiago segue agardando as licenzas para as lanzadeiras por parte da Xunta, Sá Carneiro dispón dun servizo directo dende as sete grandes cidades galegas, o que evidentemente favorece a competitividade do mesmo.

A política de taxas é outro dos puntos que, a xuízo deste grupo municipal, debe ser asumido por parte deste Comité de Rutas, tanto o que se refire á taxa que fixa Aena, que é preto dun 40% superior en Lavacolla con respecto ás outras terminais galegas, como abordando a posibilidade de permitir ao aeroporto galego que rebaixe ditas taxas en tempoadas baixas -extremo que si se lle permite, por exemplo, ao aeroporto de Palma de Mallorca-.

Por todo iso, o Grupo Socialista do Concello de Santiago de Compostela presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN** instando ao goberno municipal a:

1. Esixir ao Comité de Rutas que impulse as rutas internacionais que aínda quedan por implantar na terminal de Lavacolla desde plan estratéxico de 2014, e que mellore para incrementar os destinos fóra de España, as conexións con Madrid e Barcelona.
2. Reclamar á Xunta de Galicia a concesión das licenzas para que se poñan en funcionamento as liñas lanzadeiras entre as principais cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Vigo e Ourense) e o aeroporto de Lavacolla e se definan as paradas intermedias necesarias para que este servizo sexa o máis eficaz e rendible posible.

3. Negociar con Aena a política de taxas, solicitando a redución das mesmas durante os meses de temporada baixa no turismo na cidade.

MOCIÓN PARA REALIZAR DIVERSAS ACTUACIÓNS DESTINADAS A MELLORAR A CALIDADE DE VIDA NAS FONTIÑAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa a realizar diversas actuacións para mellorar a calidade de vida no barrio das Fontiñas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio das Fontiñas está tremendamente abandonado na xestión municipal en canto ao mantemento ordinario. Por este motivo, enuméranse diversas cuestións que cómpre arranxar e mudar que teñen en común que son pouco custosas economicamente e, polo tanto, asumíbeis no curto prazo, pois teñen a ver con xestión ordinaria e mantemento de instalacións públicas que contribúen a mellorar a calidade de vida da veciñanza e a seguranza viaria.

Unha das reclamacións, realizada pola ANPA e a dirección do CEIP Monte dos Postes, é para unir os parques infantís escolar e municipal separados por unha reixa para que no horario lectivo os nenos e nenas non teñan que estar achicados nun espazo e poidan gozar do parque público. É unha obra menor que melloraría a zona de lecer e a calidade de xogo, ademais do aproveitamento das instalacións municipais que están infrautilizadas.

Un dos principais problemas que detecta a veciñanza das Fontiñas en canto a seguranza viaria é relativa á presenza de sebes con plantas de rápido crecemento que dificultan, en moitas ocasións, a visibilidade tanto para persoas condutoras como para quen vai a pé. Isto agrávase en lugares como a mediana da avenida de Roma, que limita a visión da xente que cruza a pé, polos pasos de peóns, dende o interior dos vehículos, máis tendo en conta que é un tramo próximo a colexios e institutos. Cómpre deixar herba nesa mediana ou outra especie vexetal que conforme as sebes a menor altura e de crecemento lento.

Cómpre tamén a revisión da iluminación, da pintura e das especies arbóreas próximas aos pasos de peóns das Fontiñas e da avenida de Lugo. O mal estado actual dos pasos de peóns supón un risco tanto para as persoas que circulan a pé e en bicicleta. Para iso, é necesaria unha revisión e o pintado con materiais reflectantes e que ofrezan seguridade a motociclistas cando chove. Existen queixas da veciñanza, que identificou algún puntos que presentan riscos na seguridade viaria en pasos de peóns nos que os vehículos aparcados ou outros elementos limitan a súa visibilidade, ademais dos que carecen de

iluminación adecuada. Tamén advertiron de que hai árbores, especialmente plátanos, que en determinadas épocas do ano a súa frondosidade impide a visión dende os vehículos, polo que se fai necesaria a súa substitución.

Sobre a falta de prazas de aparcamento, nos arredores do Xulgados das Fontiñas pódese adoptar un modelo que funciona noutras cidades con zonas reservadas para o estacionamento express, destinado ás moitas persoas que só van facer un trámite de 10-15 minutos e garanten a rotación rápida, co fin de evitar a circulación flotante en procura dun sitio onde deixar o coche. Ademais, cómpre revisar as restricións de aparcamento fóra do horario laborábel e fines de semana para que a veciñanza poida usar estes espazos, agás as reservadas para o Xulgado de Garda.

Outra das demandas da veciñanza das Fontiñas é o incremento da limpeza na contorna do centro de saúde. Neste lugar pernoctan persoas sen fogar, onde xa interveñen os servizos sociais municipais, mais pódese efectuar unha maior limpeza na contorna por ser un lugar de especial sensibilidade.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- O Concello de Santiago realizará unha actuación destinada a unir os parques infantís escolar do CEIP Monte dos Postes e o parque municipal lindeiro, actualmente separados por unha reixa.
- 2.- O Concello de Santiago substituirá as especies vexetais que conforman os sebes das medianas por herba ou outras de menor altura e de crecemento lento, para facilitar a visión dende os vehículos. Procederá tamén á substitución dos plátanos (*Platanus hispánica*) onde representen un problema de visión, especialmente nos cruces.
- 3.- O Concello de Santiago realizará os labores de mantemento de pintura e a iluminación dos pasos de peóns nas Fontiñas. Ademais, a creación dun paso de peóns á altura da rúa Astorga.
- 4.- O Concello de Santiago adecuará a sinalización de tráfico para destinar unha zona dos Xulgados a aparcadoiro express, ademais de permitir o estacionamento fóra do horario laboral nos espazos reservados.
- 5.- O Concello de Santiago incrementará a limpeza de espazos públicos, especialmente na contorna do centro de saúde.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA EN RELACIÓN COAS MASACRES QUE SUFRE O POBO PALESTINO NA FRANXA DE GAZA

LIMIAR

O pasado 30 de marzo, dezaseis persoas palestinas que se manifestaban pacificamente foron asesinadas e preto de 1.500 feridas, entre elas 750 disparadas con munición real, ao ser tiroteadas por 100 francotiradores do Exército de Israel cando participaban en cinco manifestacións pacíficas na Franxa de Gaza durante a "Gran Marcha do Retorno". En días posteriores, dúas persoas máis faleceron e outras vinte continuaban en estado crítico.

Estas marchas reclamaban o dereito ao retorno das persoas refuxiadas, o fin do bloqueio a Gaza e a ocupación das terras palestinas. Realizábanse con motivo do "Día da Terra Palestina", que conmemora a morte de seis persoas palestinas que se manifestaban pacificamente en 1976, reclamando o fin da apropiación das súas terras. Trátase dunha cita anual da sociedade civil e dos partidos políticos palestinos para protestar contra a colonización e apropiación do seu territorio. Unha ocupación ilegal segundo varias resolucións do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, que van desde a 242 de 1967 ata a recente 2334, aprobada en decembro de 2016 á iniciativa da Presidencia de España no Consello de Seguridade.

As marchas de Gaza supoñen o inicio dunha campaña de manifestacións e accións de protesta que tiñan prevista a finalización o pasado 15 de maio, día en que se conmemorou a expulsión de 750.000 persoas palestinas no ano 1948. Neste senso, a resolución 194 do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, esixe o retorno para un total de 5,5 millóns de persoas palestinas, que a día de hoxe viven en Xerusalén Este, Cisjordania, Gaza e Xordania, Siria, Líbano e outros países da rexión.

Segundo as informacións dos observadores da ONG palestina de dereitos humanos PCHR (Palestinian Center for Human Rights, polas súas siglas en inglés), decenas de francotiradores ubicados nos montículos dispararon esporádica e deliberadamente contra persoas que se manifestaban pacificamente pola espalda, pernas, torso ou cabeza, cando se achegaban ao valado que separa Gaza de Israel. En varios vídeos empregados polos medios de comunicación, pode verse como disparan pola espalda a persoas palestinas cando transportaban persoas feridas.

A morte destas persoas é unha gravísima violación dos máis básicos dereitos humanos-o dereito á vida, á liberdade de expresión e reunión-, o dereito internacional humanitario e as Convencións de Ginebra.

PCHR reiterou que as Convencións de Ginebra obrigan a protexer ás persoas civís dos territorios ocupados, concretamente no artigo 147 da Cuarta Convención recolle que estoscrímenes poderían ser perseguidos como delito de "crime de guerra".

Tamén a ONG israelí de dereitos humanos B'Tselem recordou ao seu Goberno que disparar a persoas desarmadas que se manifestan pacificamente era ilegal e que esa decisión non podía estar amparada en ningún caso na declaración como zona de combate a toda a Franxa de Gaza ou no feito de considerar terroristas a toda a poboación que alí vive. Portavoces do exército israelí, na súa conta de twitter da portavocía, recoñeceron que non realizaron ningunha actividade sen control e que os seus francotiradores sabían o destino de cada bala, realizando acusacións sobre as filiacións das persoas asasinadas. Fronte á xustificación do uso da violencia contra persoas que se manifestan pacificamente, Amnistía Internacional recordou ás autoridades israelíes quen están obrigadas sempre a respectar o dereito de manifestación pacífica e a liberdade de expresión. No mesmo senso, HumanRightsWatch recordou que ante a ausencia de hostilidades ou combatentes armados, rixe o dereito internacional humanitario en Gaza, que exclúe a violencia contra persoas que se manifestan pacificamente, polo que o uso de munición real contraestas persoas foi ilegal e calculado.

Nada máis coñecer a masacre destas persoas, o Secretario Xeral de Nacións Unidas, Antonio Guterres, e a Alta Representante de Política Exterior da UE e Vicepresidenta da Comisión Europea, Federica Mogherini, solicitaron unha investigación independente e transparente dos feitos. Tendo en conta todos estes feitos, a Autoridade Palestina valora presentar unha petición formal de investigación sobre as mortes, ante o Tribunal Penal Internacional.

Máis recentemente, o pasado 1 de xuño, de novo o exército Israelí utilizaba francotiradores contra manifestantes na franxa de Gaza e caía abatida a enfermeira Al-Najar, de 21 anos de idade, que se encontraba en Gaza como voluntaria da Sociedade Palestina de Axuda Médica e foi asasinada por militares israelíes, que dispararon contra o seu equipo mentres tentaban axudarás persoas feridas.

O Ministerio de Saúde e a Media Lúa Vermella palestina denunciaron que uns 245 traballadores e traballadoras médicos e alomemos 40 tripulacións de ambulancias foran atrapadas no medio dos ataques contra o territorio da franxa de Gaza.

Diante desta situación, o coordinador humanitario da ONU, Jamie McGoldrick, lembrou ao Estado de Israel que deben respectar o dereito internacional que asiste aos traballadores e traballadoras médicas e sanitarias a realizar o seu labor sin temer a ataques militares.

Así mesmo, oxefe da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos no Territorio Palestino Ocupado, James Heenan, advertiu que Israel comete continuos excesos de uso da forza letal. En palabras do propio Heenan: *"O dereito internacional humanitario establece que a forza letal só pode empregarse como último recurso cando existe unha ameaza inminente de morte ou lesións graves. Pero é moi difícil ver cómo unha voluntaria sanitaria plantexa tal ameaza ás forzas israelíes fortemente armadas"*.

Con este contexto, en España o artigo 8 da *Lei 53/2007, de 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior en material de defensa e de dobre uso*, tipifica os casos nos que a venda de armas pode suspenderse ou revogarse "cando existan indicios racionais de que o material de defensa, ou outro material ou os produtos e tecnoloxías de dobre uso, poidan ser empregados en accións que perturbén a paz, a estabilidade ou a seguridade nun ámbito mundial ou rexional, poidan exacerbar tensións ou conflitos latentes, poidan utilizarse de forma contraria ao respecto debido á dignidade inherente ao ser humano, con fins de represión interna ou en situacións de violación de dereitos humanos(...)"; e "cando se contraveñan as limitacións que se derivan do Dereito Internacional, como a necesidade de respectar os embargos decretados por Nacións Unidas e a Unión Europea, entre outras".

Por todo o anterior, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao Goberno de España a:

- Expresar a súa valoración sobre os asasinatos das dezoito persoas civís desarmadas que se manifestaban pacificamente o pasado 30 de marzo.
- Realizar as xestións correspondentes de acordo coas súas relacións bilaterais ou no seno da UE ante o Goberno de Israel para que deteñan as masacres na franxa de Gaza.
- Apoiar as peticións de investigación independente realizadas polo Secretario Xeral de Nacións Unidas e a súa Alta Representante así como a da Autoridade Palestina presentada ante o Tribunal Penal Internacional.
- Convocar á Embaixada de Israel en España para tomar todas as medidas diplomáticas necesarias.
- Considerar dentro do marco da Lei 53/2007, de 28 de decembro, de comercio de armas, e a Posición Común 2008/944/PESC, a suspensión da venda de material militar a Israel, como fixo en agosto de 2014 durante a masacre en Gaza provocada pola operación "Margen Protector".

MOCIÓN PARA REITERAR A PETICIÓN VECIÑAL DE CAMBIAR O EMPRAZAMENTO DA ANTENA DE TELEFONÍA DO RESTOLLAL

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa a reiterar a solicitude de cambio de emprazamento dunha antena de telefonía situada no Restollal, despois de que fose aprobado este acordo e sen que en 14 meses se fixese efectivo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2017 aprobouse por unanimidade unha moción do BNG para cambiar o emprazamento dunha antena de telefonía móbil do Restollal, logo de que se entregasen no Rexistro municipal de 380 sinaturas de veciñas e veciños das rúas que lindan coa Travesa do Restollal con esta reclamación, ao considerar que ese emisor-repetidor pode situarse nun lugar máis afastado e reducir as radiacións electromagnéticas que poden prexudicar a saúde.

Cómpre lembrar que sobre a repercusión das ondas que desprenden os emisores de telefonía móbil, a Organización Mundial da Saúde (OMS) adoptou o denominado “principio de precaución”. A iso súmase que o Tribunal de Apelación de Versalles invertiu a carga da proba ás empresas de telefonía, de forma que han de ser elas as que demostren que non entrañan risco para a saúde e non as persoas supostamente afectadas pola súa proximidade.

Nos últimos meses producíronse varias reunións e concentracións da veciñanza ás portas do Pazo de Raxoi para reivindicar o cambio de localización da antena e cada vez está a agravarse a preocupación no barrio e a xerarse maior malestar social.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela ofertará outro emprazamento ás operadoras de telefonía, afastado deste núcleo de poboación, para a instalación da antena emisor-repetidor de telefonía móbil actualmente situada na Travesa do Restollal número 8, co fin de atender a reclamación social.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE COMPOSTELA ABERTA, PSdeG-PSOE, E BNG EN APOIO Á ASOCIACIÓN *querENDO MULLERES CON ENDOMETRIOSE* SOBRE A ATENCIÓN A MULLERES

CON ENDOMETRIOSE E DIVULGACIÓN DA DOENZA NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LIMIAR

A endometriose é unha doenza inflamatoria, progresiva, estrógeno-dependente, de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno do tecido endometrial(glándulas e estroma) fóra do útero, na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios, pero que pode afectar a calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía desde poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode extenderse por ovarios, peritoneo, ligamentos uterosacros e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano(pleura, meninxes, etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrialectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

Adoita clasificarse a endometriose en catro graos, segundo o nivel de infiltración do tecido, e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de infertilidade.

Segundo os estudos, a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose, das cales o 15% teñen forma severa da doenza, o que suporía arredor de 9.000 mulleres.

A endometriose, ademais de poder resultar incapacitante para a muller, implica en moitos casos un grave problema de infertilidade. O retraso medio do diagnóstico é de 8 anos, e vén dado por dúas causas fundamentais:

- O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por partes das mulleres.
- A pouca atención que, ata o momento, o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor, e normalizando este síntoma principal da doenza.

Por todo isto, os grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG, presentan para o seu debate e aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1.- Instar ao SERGAS e á EOXI de Santiago de Compostela para que:

- Establezan unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir persoal sanitario que atende nos distintos servizos que dispensa o SERGAS no Concello de Santiago(facultativos e facultativas de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).

- Garantan consultas específicas de endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos hospitais aos que acoden as mulleres do Concello de Santiago de Compostela e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se crean.

- Creen unha unidade multidisciplinar composta por persoal de xinecología, radiología, cirurxía xeral con experiencia en cirurxía colo-rectal, uroloxía, anestesiología, psicoloxía, fisioterapia, especialistas en dor etc, para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e a derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

2.-Instar á Consellería de Sanidade a que:

- Dea cumprimento á moción aprobada por unanimidade no pleno con data 22/04/2015 sobre endometriose, que recollía en grande medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

- Facilite ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos(mellora nas listas de espera, facilidades para a conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

3.- Instar ao Ministerio de Sanidade para que:

- Convoque un consello Interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

- Inclúa na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos.

4.- Solicitar aos Institutos de Investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

5.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

MOCIÓN DE URXENCIA CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE COMPOSTELA ABERTA, PSdeG-PSOE E BNG EN APOIO Á LIBERACIÓN E RETIRADA DE CARGOS DO PRESIDENTE DE AMNISTÍA INTERNACIONAL EN TURQUÍA E 11 PERSOAS DEFENSORAS DE DEREITOS HUMANOS

Tras o errado golpe de estado en xullo de 2016, os dereitos humanos en Turquía sufriron un alarmante retroceso que afectou gravemente a toda a sociedade civil.

Entre xuño e xullo de 2017, 11 defensores e defensoras de dereitos humanos, incluídos o presidente de Amnistía Internacional Turquía, TanerKiliç e a directora de Amnistía Internacional Turquía, İdilEser, foron detidos.

Turquía encerrou a estes activistas xusto cando máis se necesitan: os medios de comunicación independentes foron silenciados, falar libremente ten un alto custo e a poboación turca vive con medo. A súa detención fai máis vulnerables ás persoas polas que loitaban fronte á implacable purga do goberno turco.

Ningunha destas persoas fixo nada malo. Con todo, sobre todas elas pesan aínda cargos relacionados con terrorismo, a pesar de que as acusacións sexan ridículas e faltas de fundamento.

Ante a inexistencia de probas cribles e admisibles da súa implicación nos delitos que se lles imputan, os grupos municipais de Compostela Aberta, PsdeG-Psoe e BNG pedimos á Embaixada da República de Turquía en España que inste as autoridades do seu país a que:

- Poñan en liberdade de forma inmediata e incondicional a TanerKiliç;
- Retiren todos os cargos que hai contra os once defensores e defensoras de dereitos humanos procesados: TanerKiliç, İdilEser, GünelKurşun, Veli Acu, ÖzlemDalkıran, NalanErkem, AliGharavi, Peter Steudtner, İlknurÜstün, NejatTaştan e ŞeyhmusÖzbekli.

EMENDAS PRESENTADAS ÁS MOCIÓN.-

Rexistro de entrada do día 20 de xuño de 2018, número 184, emenda presentada polo grupo municipal Popular á moción do grupo municipal Socialista sobre o impulso do aeroporto de Lavacolla

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O IMPULSO DO AEROPORTO DE LAVACOLLA, co número de rexistro 164, de data 7 de xuño de 2018.

Proponse modificar o contido do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

“O Concello de Santiago de Compostela insta ao goberno municipal a:

1º.- Solicitalle ao Comité de Rutas unha nova proposta de rutas internacionais, axeitadas á realidade da demanda, reformulando o plan estratéxico do aeroporto de Lavacolla aprobado en 2014 e á vista dos resultados do estudo sobre a posible incidencia da chegada do AVE nos aeroportos galegos.

2º.- Instar á Xunta de Galicia ao estudo da conectividade do aeroporto de Lavacolla coas principais cidades galegas como parte do plan de transporte que se vai deseñar no ano 2019.

3º.- Negociar con AENA a política de taxas, solicitando a redución das mesmas durante os meses de temporada baixa no turismo da cidade.”

Rexistro de entrada do día 21 de xuño de 2018, núm. 185, emenda de substitución presentada polo grupo municipal do BNG á moción do grupo municipal de Compostela Aberta en relación coas masacres que sofre o pobo Palestino na Franxa de Gaza.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do establecido no regulamento, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA DE SUSTITUCIÓN NO PRIMEIRO ACORDO DA MOCIÓN:

Proponse:

Condenar os asasinatos das dezoito persoas civís desarmadas que se manifestaban pacificamente o pasado 30 de marzo.

Emenda transaccional acordada en xunta de portavoces en relación coa moción de urxencia conxunta CA-PSOE-BNG en apoio á liberación e retirada de cargos do presidente de amnistía internacional en Turquía e 11 persoas defensoras dos dereitos humanos

Modifícase o 5º parágrafo da moción de urxencia conxunta dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSOE e BNG con rexistro de entrada 181 e de data 18/06/2018:

Onde di:

“Ante a inexistencia de probas cribles e admisibles da súa implicación nos delitos que se lle imputan, os grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG pedimos á Embaixada da República de Turquía en España que inste ás autoridades do seu país a que:”

Que diga:

“Ante a inexistencia de probas cribles e admisibles da súa implicación nos delitos que se lle imputan, os grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG pedimos ao Ministerio de Asuntos Exteriores do Goberno español a que inste ás autoridades da República de Turquía a que:”

Reincorpórase á sesión o señor Duarte.

Con respecto ás mocións presentadas polos grupos municipais, o Pleno da Corporación adoptou, os seguintes acordos:

En relación coa moción de rexistro de entrada do día 4 de xuño de 2018, núm. 158, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a recuperación e posta en valor da área de estacionamento no contorno do estadio de San Lázaro, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda instar ao correspondente órgano do goberno a que:

- 1.- Proceda a incrementar a frecuencia dos labores de limpeza na área de estacionamento situada entre o estadio de San Lázaro e o Parque Carlomagno.
- 2.- Planifique e execute, polos propios medios ou coa colaboración doutras institucións, unha actuación integral de rehabilitación desa área para poñela en valor, contemplando a posibilidade de dotala dos servizos necesarios para convertela nun novo aparcamento disuasorio para a cidade.

Na moción con rexistro de entrada do día 7 de xuño de 2018, núm. 164, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, e a non ser admitida a emenda presentada polo grupo propoñente da moción, o Pleno da Corporación por 5 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, rexeita a devandita moción.

No tocante á moción con rexistro de entrada do día 12 de xuño de 2018, núm. 168, presentada polo grupo municipal do BNG, para realizar diversas actuacións destinadas a mellorar a calidade vida nas Fontiñas, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

- 1.- Realizar unha actuación destinada a unir os parques infantís escolar do CEIP Monte dos Postes e o parque municipal lindeiro, actualmente separados por unha reixa.
- 2.- Substituír as especies vexetais que conforman os sebes das medianas por herba ou outras de menor altura e de crecemento lento, para facilitar a visión dende os vehículos. Procederá tamén á substitución dos plátanos (*Platanus hispánica*) onde representen un problema de visión, especialmente nos cruces.
- 3.- Realizar os labores de mantemento de pintura e a iluminación dos pasos de peóns nas Fontiñas. Ademais, a creación dun paso de peóns á altura da rúa Astorga.
- 4.- Adecuar a sinalización de tráfico para destinar unha zona dos Xulgados a aparcadoiro express, ademais de permitir o estacionamento fóra do horario laboral nos espazos reservados.
- 5.- Incrementar a limpeza de espazos públicos, especialmente na contorna do centro de saúde.

Na moción con rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2018, núm. 170, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, e despois de ser aceptada a emenda presentada polo grupo municipal do BNG, en relación coas masacres que sofre o pobo Palestino na Franxa de Gaza, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (7 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda:

Instar ao Goberno de España a:

Condenar os asasinatos das dezoito persoas civís desarmadas que se manifestaban pacificamente o pasado 30 de marzo.

Realizar as xestións correspondentes de acordo coas súas relacións bilaterais ou no seno da UE ante o Goberno de Israel para que deteñan as masacres na franxa de Gaza.

Apoiar as peticións de investigación independente realizadas polo Secretario Xeral de Nacións Unidas e a súa Alta Representante así como a da Autoridade Palestina presentada ante o Tribunal Penal Internacional.

Convocar á Embaixada de Israel en España para tomar todas as medidas diplomáticas necesarias.

Considerar dentro do marco da Lei 53/2007, de 28 de decembro, de comercio de armas, e a Posición Común 2008/944/PESC, a suspensión da venda de material militar a Israel, como fixo en agosto de 2014 durante a masacre en Gaza provocada pola operación "Margen Protector".

No tocante á moción con rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2018, núm. 177, presentada polo grupo municipal do BNG, para reiterar a petición veciñal de cambiar o emprazamento da antena de telefonía do Restollal, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda ofertar outro emprazamento ás operadoras de telefonía, afastado deste núcleo de poboación, para a instalación da antena emisor-repetidor de telefonía móbil actualmente situada na Travesa do Restollal, número 8, co fin de atender a reclamación social.

En relación á moción con rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2018, núm. 180, presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, sobre atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza no Concello de Santiago de Compostela, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Instar ao SERGAS e á EOXI de Santiago de Compostela para que:

-Establezan unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir persoal sanitario que atende nos distintos servizos que dispensa o SERGAS no Concello de Santiago (facultativos e facultativas de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).

-Garantan consultas específicas de endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos hospitais aos que acoden as mulleres do Concello de Santiago de Compostela e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se crean.

-Creen unha unidade multidisciplinar composta por persoal de xinecoloxía, radioloxía, cirurxía xeral con experiencia en cirurxía colo-rectal, uroloxía, anestesioloxía, psicoloxía, fisioterapia, especialistas en dor etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e a derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

2.- Instar á Consellería de Sanidade a que:

- Dea cumprimento á moción aprobada por unanimidade no pleno con data 22/04/2015 sobre endometriose, que recollía en grande medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

- Facilite ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos(mellora nas listas de espera, facilidades para a conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

3.- Instar ao Ministerio de Sanidade para que:

- Convoque un Consello Interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

- Inclúa na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos.

4.- Solicitar aos Institutos de Investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

5.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

En relación coa moción de urxencia con rexistro de entrada do día 18 de xuño de 2018, presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, en relación aos membros de Amnistía Internacional, e da que foi declarada a uxencia ao principio da sesión, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda pedir ao Ministerio de Asuntos Exteriores do Goberno Español a que inste ás autoridades da República de Turquía a que:

- Poñan en liberdade de forma inmediata e incondicional a TanerKiliç.
- Retiren todos os cargos que hai contra os once defensores e defensoras de dereitos humanos procesados: TanerKiliç, IdilEser, GünelKurşun, Veli Acu, ÖzlemDalkıran, NalanErkem, AliGharavi, Peter Steudtner, İlknurÜstün, NejatTaştan e ŞeyhmusÖzbekli.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 21:35 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Asdo: Martiño Noriega Sánchez

O secretario xeral do pleno,
Asdo: José Ramón Alonso Fernández